

UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

**EQUIPO DE GOBERNO:**

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Costas González, Xosé Henrique  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
Lameiras Fernández, María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Valeije Álvarez, M<sup>a</sup> Inmaculada  
Vilán Vilán, Xosé Antonio

**DECANOS/DIRECTORES:**

Alén González, Elisa  
Alonso Carrera, Jaime  
Arias Sánchez, Pedro  
Barreiro Alonso, Enrique  
Cabeza Pereiro, Jaime  
García Fontán, Soledad  
Gutiérrez Nieto, Manuel  
López Díaz, María  
Pou Saracho, Juan María  
Suárez Pazos, Mercedes  
Vila Alonso, Mercedes

**PDI-A:**

Alba Castro, José Luis  
Caballero Rúa, Armando  
Fernández Souto, Ana Belén  
González Cerdeira, Xulia  
Grande Seara, Pablo  
Graña Rodríguez, Ana María  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana María  
Pereira Domínguez, Alejandro

**PDI-B:**

**ESTUDANTES:**

Barreiro Rodríguez, Rocío  
De los Bueis Mellado, Jorge

**PAS**

Cebro Rodríguez, Xan  
Pérez Gómez, Luis

**CONSELLO SOCIAL:**

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pérez Mato, Federico

**SINDICATOS**

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico

**DESCULPANA SÚA AUSENCIA:**

De Lorenzo Rodríguez, M<sup>a</sup> Edita  
Fernández Suárez, Emilio  
Gil Villanueva, José María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 19 de outubro de dous mil doce, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O xoves día **19 de outubro de 2012**, ás 10:30 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 20 de xullo de 2012.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, da modificación parcial do cómputo da capacidade docente do profesorado para o curso 2012/2013.
4. Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.
5. Aprobación, se procede, do acordo de suspender a incorporación de novos beneficiarios ao Plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Bioloxía.
7. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría de Sistemas e Automática.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría Eléctrica.
9. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade.
10. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Alfonso Cid Sabucedo contra o acordo da Xunta de Titulación da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense, de 4 de xullo, sobre a aprobación dos horarios do curso 2012/2013.
11. Debate da proposta de aplicación na Universidade de Vigo do artigo 9 do *Real Decreto-ley 20/2012, de 13 de julio, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria y de fomento de la competitividad*, relativa á prestación económica na situación de incapacidade temporal (punto solicitado por oito membros do Consello de Goberno).
12. Aprobación, se procede, da proposta de adaptacións do cuestionario da enquisa de avaliación docente do profesorado.

13. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de cooperación educativa entre as universidades do Sistema Universitario de Galicia para organizar e desenvolver as ensinanzas oficiais dos programas de doutoramento segundo o Real decreto 99/2011.
14. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de cooperación educativa para realizar prácticas académicas externas no estranxeiro.
15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: — Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Fundação Universidade de Caxias do Sul (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Fundação Universidade de Caxias do Sul (Brasil), para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Université de Sfax (Túnez) – Convenio específico colaboración entre a Universidade de Vigo e a Université de Sfax (Túnez), para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universiti Putra Malaysia – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Pontificia Universidade Católica do Paraná – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Pontificia Universidade Católica do Paraná para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a City University of Hong Kong – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a City University of Hong Kong, para o intercambio de estudantes – Memorandum de entendemento entre o Instituto Español de Oceanografía, o Centre de Recherche Scientifique de Conakry Rogbane (Guinea) – Convenio de colaboración entre as universidades Autónoma de Madrid (coordinadora), Barcelona, Cantabria, Extremadura, Illes Balears, Jaume I de Castellón, Murcia, Oviedo, País Vasco/Euskal Herriko Unibersitatea, Salamanca, Santiago de Compostela, València, Valladolid e Vigo para a organización e desenvolvemento do Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional – Convenio de colaboración das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e Ferme Marine de L'Adour sas, para a realización de prácticas de alumnos do programa oficial de posgrao interuniversitario en Acuicultura – Convenio de colaboración científica entre a Universidade de Vigo e a Univestité Burdeaux Segalen (Francia).
16. Elección para cubrir as seguintes vacantes:
  - Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado: 1 estudante
  - Comisión de investigación: 2 estudante e 1 PDI
  - Comisión de organización académica e profesorado: 2 estudantes
  - Comisión de planificación e asuntos económicos: 2 estudantes e 1 PDI
  - Comisión de extensión universitaria e estudantes: 2 estudante
  - Consello Social: 1 estudante
17. Rogos e preguntas.

Antes de comezar a sesión o Sr. Xan Cebro, por unha cuestión de orde, pide que conste en acta que o punto 11 da orde do día deste Consello de Goberno non reflicte fielmente o escrito presentado por 8 membros deste Consello de Goberno; no escrito presentado aparece "*Aprobación, de se-lo caso, da proposta de aplicación na ...*" e na orde do día só aparece "*Debate da proposta de aplicación na ...*".

O reitor di que no contexto do punto 11 da orde do día daranse as explicacións oportunas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 20 de xullo de 2012.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do Reitor.

O reitor comeza manifestando que reitera o expresado no informe do último Consello de Goberno, celebrado o 19 de xullo, así como as palabras dirixidas ao Claustro celebrado o día 24 de xullo. En ambos órganos colexiados manifestou o rexeitamento do goberno da Universidade de Vigo ás medidas de recorte que nos últimos meses están a sufrir as universidades públicas. Naquel informe deixou claro que os recortes e restricións impostas a todas as universidades públicas do Estado son políticas legislativas do goberno estatal, que afectan gravemente á autonomía universitaria para deseñar as súas propias políticas académicas. Que coas mesmas palabras se expresou na CRUE, onde, ademais, puxo de manifesto o seu malestar pola lenta resposta do colectivo de reitores. Que ao seu xuízo as medidas de aforro recollidas en Lei 2/2012, de 29 de xuño de 2012, de orzamentos xerais do Estado é unha das maiores intromisións do poder executivo na historia das universidades. Pero que, aínda compartindo esta valoración negativa co resto dos reitores e a comunidade universitaria, é consciente de que se trata dunha norma con rango de lei que entrou en vigor e que, en consecuencia, é de obrigado cumprimento.

Continúa dicindo, que o descoñecemento da norma exponnos a que o Ministerio de Facenda nos requira ao seu cumprimento ou que a mesma avogacía do Estado interpoña o correspondente recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa para impugnar ou anular as prazas sacadas a concurso. Así sucedeu con outras universidades. Neste contexto, o reitor sinala que é o seu deber actuar con responsabilidade e intelixencia institucional. Que por moito que valoremos negativamente a publicación dos decretos e leis ditadas ao longo do pasado curso académico, hai que proceder a acatalas da forma máis intelixente posible, de modo que respectando o seu obxectivo (aforro) se minimize o impacto sobre os dereitos dos traballadores. E, neste sentido de minimizar impactos e protexer postos de traballo, oriéntanse as propostas de adecuación das normas por parte do equipo de goberno, que pretenden non deixar ningún flanco aberto. Igualmente, perséguese que as propostas sometidas á consideración e aprobación do Consello de Goberno, contén coa seguridade xurídica de que poden ser aprobadas porque entra na súa competencia institucional, e que o decidido non vai estar exposto a accións xudiciais sorpresivas que poidan deixar sen eficacia o acordado polos seus membros.

O reitor informa, que desde a publicación da Lei 2/2012, de 29 de xuño de 2012, o equipo de goberno comezou a traballar para valorar as distintas formas de reducir o seu impacto, para abrir unha fronte de negociacións coa finalidade de protexer os postos de traballo da comunidade universitaria. Sendo así, que, conxuntamente co reitor da UDC, instaron a unha reunión urxente da CRUE para tratar monograficamente dous asuntos: cómputo da capacidade do profesorado en base ás esixencias de dedicación docente, e dentro do novo escenario marcado pola publicación da Lei 2/2012, e a necesidade de articular unha resposta conxunta fronte ao cuestionamento por parte do Tribunal de Cuentas dos plans de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado adoptados por numerosas universidades españolas.

En relación aos seguintes dous puntos, o reitor expón o que segue:

1º. Contratación do PDI: comeza dando lectura ao texto do artigo 23 da Lei 2/2012, do 29 de xuño de 2012, de orzamentos xerais do Estado, que indica que non se incorporará novo persoal durante o ano 2012. Continúa lendo o apartado 1 do mesmo artigo: *“excepcionalmente no caso de corpos de persoal investigador das universidades, se fixa unha taxa de reposición do 10 %, sempre que por parte das administracións públicas das que dependan se autoricen as correspondentes convocatorias, tras a acreditación de que a oferta de emprego público das citadas prazas non afecta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente Universidade, nin os demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”*.

Remata dando lectura pública ao apartado 2 do mesmo artigo 23 que di: *“durante o ano 2012 non se contratará persoal temporal nin se nomeará persoal estatutario temporal ou funcionariado interino salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais”*.

O reitor sinala que a lei parece paralizar a actividade pública en dous campos:

a) Provisión de prazas de persoal funcionario. Nesta fronte, o reitor sinala que as liñas de actuación son: a través da CRUE, que se abra un proceso de negociación con Ministerio de Facenda para intentar negociar un novo escenario na Lei de orzamentos de 2013; igualmente, mediante conversas directas e través da CRUE, que o Ministerio permita unha interpretación máis flexible da Lei 2/2012, de forma que non se consideren as prazas amortizadas na taxa de reposición do 10%, e fórmulas para a estabilización de investigadores. A nivel institucional da UVIGO tamén se están realizando consultas e abrindo vías de negociación con altos cargos do Ministerio de Facenda, para obter unha interpretación máis flexible para os próximos exercicios.

b) Provisión de prazas do persoal laboral. Neste punto o reitor di que un ditame do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do 6 de maio, establece que lles corresponde ás comunidades autónomas a planificación e ordenación dos recursos humanos e, en consecuencia, a definición no seu ámbito dos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarias ou afecten ao funcionamento dos seus servizos públicos esenciais. O reitor sinala que, por esta razón, é necesario contar coa aprobación da Xunta para facer convocatorias de prazas de persoal non funcionario. Nas negociacións mantidas a este respecto, o reitor di que se conseguiu a autorización para convocar 11 prazas de profesor contratado doutor, as máis urxentes, xa que se trata de persoal que remata contrato este ano. Ten información sobre que noutras universidades se convocaron prazas sen autorización, pero que sospeita que as convocatorias puideran ser obxecto de impugnación por parte de Facenda. De non facelo, o reitor di que a Universidade de Vigo estará lexitimada para cambiar a súa postura e convocar as prazas que se consideren necesarias, pero que, polo momento, o obxectivo debe ser non afectar nin á estabilidade das prazas, nin expor aos concursantes ou beneficiarios a accións xudiciais.

2º. Respecto ao Plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado, o reitor dá conta de que tras a publicación do “Informe de Fiscalización do sector público autonómico, exercicios 2006 e 2007”, aprobado no Pleno do Tribunal de Cuentas de 29 de marzo de 2012, un número importante de universidades públicas que integran a CRUE recibiron da Sección de Enjuiciamiento do Tribunal de Cuentas senllos autos derivados da apertura de dilixencias preliminares en relación “a posibles responsabilidades contables nos plans de xubilacións anticipadas e incentivos do persoal docente e investigador funcionario e para aclarar determinados extremos”.

O reitor informa que a continuación foi publicado o Real decreto-lei 20/2012, que no art. 1.2 dispón, que “*Las pensiones indemnizatorias, prestaciones compensatorias y cualquiera otra percepción económica al cese serán, asimismo incompatibles con la percepción de la pensión de jubilación o retiro por Derechos pasivos, o por cualquier régimen de Seguridad Social público y obligatorio*”. O reitor expón que, aínda que o preámbulo da citada norma dá a entender que esta declaración legal de incompatibilidade se refire só a persoas que ostentan a condición de altos cargos, a publicación do texto normativo suscitou dúbidas razoables sobre a súa aplicación sobrevida respecto das persoas que, non sendo altos cargos, nin estando integradas no sector público estatal ou autonómico, se acolleron ao Plan de incentivos da xubilación voluntaria.

Continúa dicindo que, antes de tomar ningunha decisión e polo temor de incorrer nunha eventual interpretación extensiva do ámbito de aplicación do artigo 1.2 do Real Decreto-Lei 20/2012 da que se puidera derivar a produción de gravosas consecuencias ablatorias sobre dereitos individuais adquiridos, se dirixiu desde a Universidade de Vigo unha consulta con carácter de urxencia á Dirección General de Costes de Personal y Pensiones Públicas do Ministerio de Hacienda, sobre se a incompatibilidade prevista no art. 1.2 do Real decreto-lei 20/2012 era de aplicación ao persoal docente e investigador das universidades públicas que se acolleron a devandito plan de incentivos. O reitor engade que a mesma consulta e nos mesmos termos foi realizada por outras universidades. E que, con carácter xeral, as respostas recibidas foron que o citado artigo debe pórse en conexión coa exposición de motivos, polo que a medida só é aplicable aos altos cargos de todas as administracións públicas. O reitor expón que a resposta paraliza toda posible aplicación retroactiva do art. 1.2 da Lei 20/2012.

O reitor informa que tamén recibiu da CRUE o escrito que o Tribunal de Cuentas fixo chegar a Universidade das Illas Baleares, con data de 1 de outubro, e no que lle require numerosa documentación, debido ao comezo da instrución do expediente por responsabilidade contable. O reitor dá conta dalgunhas das actuacións requiridas á Universidade das Illas Baleares.

O reitor continúa dicindo que neste escenario e dada a grave preocupación que se xerou nas universidades públicas e nos seus órganos reitores, así como nos perceptores de devanditos incentivos, e dado tamén o dano institucional producido pola simple apertura das dilixencias referidas, e á vista do informe do Tribunal de Cuentas do pasado mes de marzo e, en concreto, da conclusión 20, a CRUE acordou, na súa sesión celebrada o día 6 de setembro, trasladar a todas as universidades públicas a recomendación de que se suspenderan os plans de xubilacións voluntarias anticipadas e incentivadas.

O reitor informa que, de acordo coa suxestión recibida non punto 5 da orde do día, se proporá para a súa aprobación suspender a incorporación de novos beneficiarios ao Plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria da Universidade de Vigo; un mecanismo que fora aprobado no Consello de Goberno de 9 de maio de 2005 para incentivar a renovación e contribuír ao reequilibrio dos cadros de persoal e que xa no Consello de goberno de 21 de xullo de 2011, debido á difícil situación económica xeral, acordouse unha modificación que atrasaba a idade voluntaria do retiro dos 60 aos 63 anos, así como unha redución das contías abonadas de ata un 20%.

No que se refire ao pago de complementos autonómicos e sexenios, o reitor informa de que hai compromiso por parte da Xunta de que efectuarán o pago proximamente, polo que a Universidade procederá ao pago en canto o reciba os ingresos.

Seguidamente, o reitor informa sobre o desconto de paga extraordinaria de nadal ao persoal con cargo a programas, proxectos ou contratos de investigación. Lamenta que a aplicación da Ley 20/2012 afecte a un dos colectivos máis vulnerables. Di que, aínda que noutras actuacións anteriores, como a redución dos salarios nun 5% motivada pola aplicación do Real Decreto Lei 8/2010 de 20 de maio, foi posible non aplicar as medidas de recorte a este colectivo, neste caso, pola redacción extensiva da norma, non é posible; que se está consultando o destino das cantidades descontadas, particularmente nos contratos que derivan de fondos europeos ou de empresas.

Para rematar, o reitor informa do último Consejo de Universidades, celebrado o día 19 de setembro e en que foron presentados:

- a). O proxecto de orde da convocatoria de mención de excelencia para másteres.
- b). O borrador da LOMCE (Ley Orgánica para la Mejora de la Calidad Educativa) que nos afecta esencialmente no acceso á universidade.

Que, na mesma sesión puxo de manifesto que, a disparidade nos sistemas de financiamento autonómico, debería ser tido en conta para a fixación de taxas e prezos públicos.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, da modificación parcial do cómputo da capacidade docente do profesorado para o curso 2012/2013.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen lembra que, de acordo co establecido no Regulamento de profesorado da Universidade Vigo (aprobado no claustro o 27 de xullo de 2012), a actividade académica do PDI comprende unha variedade de funcións: docentes, de investigación, de innovación, de transferencia e de divulgación de coñecemento, así como complementariamente de goberno, dirección, representación e xestión. Di que o mesmo Regulamento contempla que, en xeral, haberá un equilibrio entre o tempo dedicado á actividade de investigación, innovación e transferencia e o tempo dedicado á actividade docente pero que poderán existir criterios de intensificación en docencia ou investigación derivados da lexislación vixente e das normas que poida establecer o Consello de Goberno.

A vicerreitora expón que, nesa orientación de intensificación docente/investigadora, foi aprobado o RD lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto

público no ámbito educativo; o decreto establece a capacidade docente do profesorado en función de criterios relacionados cos tramos de investigación avaliados positivamente (sexenios).

A vicerreitora sinala, que a aplicación do decreto é de obrigado cumprimento e que se fará en dúas fases. A segunda fase posponse para o próximo curso académico 2013/14. Elaborarase unha normativa global de dedicación do profesorado na que se terán en conta todas as actividades desenvolvidas polo PDI. Así mesmo, será revisada a actual normativa de recoñecementos do PDI (desgravacións).

Respecto da primeira fase (proceso iniciado no mes de xullo coas indicacións e circulares enviadas desde a vicerreitoría a todos os departamentos e coas reunións mantidas para a revisión/modificación do POD do primeiro cuadrimestre do actual curso 2012/13) elaborouse un documento- que figura coa documentación presentada coa convocatoria do consello de goberno- no que se parte dunha proposta de dedicación básica (240 horas) que se reduce ou incrementa en función dos criterios de intensificación aos que fai referencia o RD lei 14/2012 de 20 de abril. Estes criterios cuantifícanse no 50% das horas de redución ou baixada fixadas no decreto en cómputo anual. Ademais, propónse pautas de flexibilización na aplicación do que se entende por “sexenio vivo”.

A vicerreitora indica que é preciso aprobar canto antes os criterios de intensificación derivados do decreto, para que os departamentos poidan iniciar a reorganización da docencia que teñen asignada para o segundo cuadrimestre do ano académico en curso.

Engade, que o documento foi explicado e debatido en diferentes sesións da mesa de negociación do PDI e na COAP.

Di que despois da última sesión da COAP, algunhas cuestións do documento poderían precisar un estudo máis detallado. Que é preciso valorar se poden ser ou non incluídas dentro da marxe de manobra que permite o Real decreto, de modo que non desnaturalicen o que alí se establece, tanto sobre o cálculo da dedicación docente do profesorado como a finalidade á que obedece a publicación da norma, que é o aforro da masa salarial.

En vista das razóns expostas, a vicerreitora informa de que o documento de modificación parcial do cómputo da capacidade docente do profesorado para o segundo cuadrimestre do curso académico 2012/2013, será sometido a aprobación no próximo Consello de Goberno.

Intervén o reitor para dicir que a aplicación do Decreto pode parecer inapropiada ou inxusta, pero que é de obrigado cumprimento. Que é preciso aplicalo antes do peche do exercicio económico e que, en caso contrario, sitúanos nunha posición de debilidade institucional e de pouca credibilidade para negociar novas prazas.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para expor que lle parece acertada a proposta de aprazar a aprobación do documento.

Intervén a profesora Mercedes Vila para expresar o seu malestar polas consecuencias negativas para o Departamento de Organización de Empresas e Mercadotecnia. Di que hai un

número importante de profesores asociados que non poderán renovar o seu contrato. Así mesmo, expresa a súa discrepancia con que a modificación afecte aos contratados doutores.

Responde a vicerreitora que na Universidade de Vigo os contratados doutores están equiparados aos profesores titulares.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para expor que comparte que se pospoña o punto da orde do día para o próximo Consello de Goberno e que, no entanto, desexa dar lectura pública ao documento que se achega á acta (**Anexo I**).

Responde a vicerreitora que se abrirá unha quenda de negociacións fundamentalmente para a elaboración do documento global de dedicación do profesorado de aplicación no curso 2013/14, pero que non se poden crear falsas expectativas e que o documento de modificación parcial do cómputo da capacidade docente do profesorado para o segundo cuatrimestre do curso académico 2012/2013, será sometido a aprobación no próximo Consello de Goberno.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen pasa a expor a solicitude de autorización para a incorporación con cargo a remanentes de libre disposición por actividades I+D, tal e como figuran na documentación recollida en **Anexo II**.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.** Aprobación, se procede, do acordo de suspender a incorporación de novos beneficiarios ao Plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao xerente, quen informa que, tras a explicación detida do reitor no seu informe, só quere reiterar o que segue:

O Informe de Fiscalización do Sector Público Autonómico dos exercicios 2006 e 2007, aprobado polo Pleno do Tribunal de Cuentas na súa sesión de 29 de marzo de 2012, e respecto á conclusión 20, establece que os acordos adoptados no seo das universidades públicas establecendo plans de xubilación voluntarios e incentivados para o PDI funcionario carecen de soporte legal, polo que as universidades deberían suspender a vixencia dos mesmos e, en consecuencia, poñer fin á incorporación de novos beneficiarios.

Que ao informe anterior, únese a certificación do auto ditado polo Tribunal de Cuentas de data 22 de xuño de 2012, polo que se pon en coñecemento do reitor a apertura de dilixencias preliminares por apreciar irregularidades, segundo o Informe de Fiscalización do Sector Público Autonómico dos exercicios 2006 e 2007, que, en opinión do Ministerio Público, puideran ser xeradoras de presuntas responsabilidades contables.

Que antes de tomar ningunha decisión sobre as persoas que estaban percibindo incentivos á xubilación, e tras a publicación do RD-lei 20/2012, a Universidade de Vigo fixo unha consulta á Dirección General de Costes do Ministerio de Hacienda y Administraciones



Públicas, e a resposta indicou que o contido do artigo 1 e da disposición transitoria segunda non afectaba a esta clase de incentivos.

Que, por último, a CRUE, na sesión celebrada o día 6 de setembro, acordou trasladar a todas as universidades públicas que suspendan os plans de xubilación voluntarios e incentivados. O xerente di que, ao fío dos argumentos expostos e por un principio de precaución, propón ao Consello de Goberno aprobar o acordo de suspender a incorporación de novos beneficiarios ao Plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado da Universidade de Vigo.

O xerente informa, que só hai unha persoa que se acolleu ao Plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria neste ano académico e que, en efecto, lle foi suspendido o dereito, pero que o acordo que se adopte non ten efecto para aqueles traballadores que se están beneficiando do plan dende anos anteriores.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que por unha cuestión de prudencia debe procederse á suspensión da incorporación de novos beneficiarios, no entanto anuncia que se vai a abster neste punto porque cuestiona a aplicación retroactiva do acordo, ao afectar ao dereito recoñecido a unha profesora da súa Facultade. Tamén quere que conste en acta a falta de disposición por parte da Secretaría Xeral de documentación sobre este punto da orde do día.

Intervén o xerente para explicar os motivos da adopción da suspensión urxente da resolución, pero que a persoa afectada pode establecer os recursos que entenda procedentes.

Apróbase por maioría, con oito abstencións, o acordo de suspender a incorporación de novos beneficiarios ao Plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado da Universidade de Vigo.

Intervén o Prof. Pablo Grande para solicitar que conste en acta a súa abstención en solidariedade coa profesora afectada.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Bioloxía.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que de acordo coa información achegada foi aprobado pola Xunta de Facultade de Bioloxía, que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica e que non habendo ningún impedimento legal se somete a aprobación dos membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o regulamento que figura no **Anexo III**.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría de Sistemas e Automática.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que de acordo coa información achegada foi aprobado polo Consello de Departamento de Enxeñaría de Sistemas e Automática, que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica e que non habendo ningún impedimento legal se somete a aprobación dos membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o regulamento que figura no **Anexo IV**.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Enxeñaría Eléctrica.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que de acordo coa información achegada foi aprobado polo Consello de Departamento de Enxeñaría Eléctrica, que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica e que non habendo ningún impedimento legal se somete a aprobación dos membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o regulamento que figura no **Anexo V**.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que de acordo coa información achegada foi aprobado polo Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, que conta co informe favorable da Asesoría Xurídica e que non habendo ningún impedimento legal se somete a aprobación dos membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o regulamento que figura no **Anexo VI**.

**Punto 10.** Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por D. Alfonso Cid Sabucedo contra o acordo da Xunta de Titulación da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense, de 4 de xullo, sobre a aprobación dos horarios do curso 2012/2013.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que se trata dun recurso de alzada interposto polo profesor da Facultade de CC. da Educación de Ourense, D. Alfonso Cid Sabucedo, contra o acordo da Xunta de Titulación de Maxisterio de Ourense, de data 4 de xullo de 2012, polo que se aprobaban os horarios do 4º curso de Grado de Educación Infantil do ano académico 2012/2013.

Di que corresponde a competencia a este Consello de Goberno polo disposto nos artigos 6.4 da LOU e 24.4 dos Estatutos: que recollen a competencia do Consello de Goberno para coñecer dos recursos presentados contra acordos da Xunta de Titulación.

En orden aos motivos de impugnación, o profesor D. Alfonso Cid Sabucedo alega:

1. Que como consecuencia da distribución e agrupación horaria aprobada pola Xunta de Titulación, as materias do 4º curso se convierten en bimensuais eN lugar de cuatrimestrais.
2. Que Ao seu xuízo esta distribución horaria é única, por canto sitúa os créditos das prácticas externas no 4º curso.
3. Que o acordo adoptado pola Xunta de Titulación contravén o recollido na Memoria Verifica dos títulos de Grao de Maxisterio de Educación Infantil.

4. Que asemade, vai en contra do regulado nas Directrices Propias da Universidade de Vigo sobre estrutura e organización académica dos planos de estudo de grao.
5. Que a contrariedade ven dada por canto ambas normativas establecen que as materias son cuatrimestrais.

Remata o seu escrito solicitando que se restableza a legalidade e que se adopte outra distribución menos prexudicial para o desenvolvemento das materias de 4º curso.

A secretaria xeral cita que para resolver o recurso se acordou pedir informe á decana da facultade. No informe se recolle:

1. Que o acordo impugnado non incumpre a Memoria Verifica do título de Grao en Educación Infantil. Na Memoria se recolle que “a organización do título de Grao en Educación Infantil contempla que en cuarto curso se impartan a materia practicas externas con 48 créditos no último curso da carreira.
2. Que segundo a citada memoria o alumnado de simultanear no primeiro cuatrimestre as materias optativas e parte das practicas externas.
3. Que, así mesmo, as citadas prácticas se realizan en diferentes localidades de Ourense e Pontevedra ou en diferentes provincias.
4. Esta organización docente obriga a adoptar unha distribución horaria que, respectando a carga de ECTS, impida o solapamento de materias optativas e prácticas externas.
5. Que a distribución horaria foi realizada en beneficio da boa marcha dos estudos do título, sen que ningunha materia vira diminuídas as horas destinadas á docencia directa.

Por último, que é competencia da Xunta de Titulación a aprobación da distribución horaria e así se acordou en Xunta de Titulación o día 3 de xullo de 2012.

Solicitado o informe da asesoría xurídica, di que non aprecia motivos de infracción da legalidade. Proponse a desestimación do recurso de alzada presentado polo profesor D. Alfonso Cid Sabucedo.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso de alzada.

**Punto 11.** Debate da proposta de aplicación na Universidade de Vigo do artigo 9 do *Real Decreto-ley 20/2012, de 13 de julio, de medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad*, relativa á prestación económica na situación de incapacidade temporal (punto solicitado por oito membros do Consello de Goberno).

Toma a palabra o reitor para dicir que, recibido o escrito presentado por oito membros do Consello de Goberno sobre a inclusión dun punto na orde do día do próximo Consello de

Goberno, relativo a aprobación dunha proposta de prestación económica na situación de incapacidade temporal en base ou artigo 9 da Lei 20/2012, procedeu a solicitar informe á Asesoría Xurídica sobre a competencia do Consello de Goberno para aprobar o acordo solicitado.

O reitor di que o informe recoñece a lexitimación dos membros do Consello de Goberno para presentar puntos que previamente soliciten o dez por cento dos membros, pero sostén que, en orde ao contido do punto, a materia que se pretende someter a súa aprobación, segundo o art. 37 da lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, entra dentro das materias que deben ser obxecto de negociación colectiva. En coherencia co informe, o reitor considera que a interpretación do art. 9 do RD Lei 20/2012 non debe subtraerse ao seo da negociación colectiva e do diálogo social, de facelo menoscabaríanse outros dereitos. O reitor di que se debe seguir traballando na mesa de negociación colectiva entre os representantes sindicais e a xerencia a fin de alcanzar un acordo.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o señor Xan Cebro, primeiro felicita ao reitor pola retirada do punto 3 da orde do día, xa que non existe acordo coa parte sindical; e coa súa retirada tratarase de minimizar o impacto do Real decreto-lei 20/2012. Continúa facendo valoracións sobre a autonomía universitaria e como resulta afectada pola publicación do Real Decreto Lei 20/2012.

En relación á proposta de aprobación da interpretación do artigo 9 do Real decreto-lei do 20/2012, establece que as seccións sindicais con representación nos órganos de representación, PDI e PAS, presentaron na mesa de negociación unha contraproposta ao xerente coa pretensión de manter o mesmo salario ás persoas que permanezan en situación de baixa laboral, tal e como viña ocorrendo antes da reforma; di que o xerente non recolleu ningún dos puntos achegados pola parte sindical. Por iso, decidiron solicitar a todos os membros do Consello de Goberno para que, amparados na súa autonomía, apoiaran a proposta sobre incapacidades temporais que presentan os sindicatos universitarios; que só despois de ser publicada a orde do día deste Consello de Goberno tiveron noticias de retomar a negociacións.

O Sr. Xan Cebro expresa que a Universidade de Vigo ten a competencia necesaria e suficiente para determinar discrecionalmente aquelas continxencias nas que se pode establecer un complemento para alcanzar o cento por cento das retribucións, cando as persoas traballadoras enfermen, tal e como sucedía ata o de agora.

En relación á supresión da paga extra de decembro dos traballadores públicos, solicita que se debata e negocie a proposta aprobada pola Xunta de Persoal; di que con esta proposta non existe incremento da masa salarial da Universidade de Vigo e se cumpre a legalidade vixente.

Por todo o dito, o Sr. Xan Cebro solicita que o equipo de goberno se sente, non só a negociar, senón a chegar a acordos sobre incapacidades laborais e pagas extras. Tamén solicita que se incorpore a acta a carta que consta no **Anexo VII**.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación para dicir que sabe que non están pechadas as vías de negociación e que os representantes sindicais están convocados a unha reunión para discutir as marxes de negociación. Engade que, en relación ás pagas extras de decembro, a Universidade non ten capacidade recadatoria e que o Capítulo I consome o 85%

dos ingresos do Plan de financiamento; que non hai ningunha posibilidade de facer fronte ao pago da paga extra, porque a Xunta de Galiza é quen fai a transferencia da paga extra de decembro do 2012, e neste caso non o faría.

Intervén o xerente para dicir que o art. 9 do citado decreto fai referencia a supostos excepcionais e debidamente xustificadas; que puxo encima da mesa unha primeira proposta e que cando non aceptou a realizada polos representantes sindicais, por considerala excesivamente ampla e por non respectar a excepcionalidade á que fai referencia o art. 9, foi o mesmo señor Xan Cebro o que abandonou a mesa de negociación; que, non obstante, está disposto a chegar a puntos de encontro. O xerente di que produto da reunión se fixo unha segunda proposta e se solicitou a colaboración dos representantes sindicais para que fixeran as apartacións necesarias para chegar a un documento de consenso. Non tendo resposta a dito plantexamento, dende a Xerencia continuouse coa análise do que estaban a facer outras AA.PP., e convocouse unha terceira reunión para o próximo 23 de outubro, data posterior ao límite establecido no Real decreto-lei 20 /2012, co obxecto de acadar os acordos precisos para facer a interpretación máis positiva posible do mandato dentro do respecto á norma e preservando a competencia negociadora da mesa.

Intervén o Prof. Jaime Cabeza para dicir que está de acordo co reitor; que se debe derivar á mesa de negociación; que discrepa de que na primeira proposta estean excluídas as contingencias comúns sen máis explicacións. Que no caso de que se alcance algún acordo colectivo que desborde o ámbito do art. 9, e para o caso de que houberse unha improbable impugnación na vía xudicial pola subdelegación de goberno, tampouco se derivarían terribles consecuencias. Que, en última instancia, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza diría que aspectos do acordo serían axustadas a dereito e cales non, se é o caso.

Intervén o Sr. Federico Fernández para recordar que é urxente retomar a negociación, porque o día 15 entrará en vigor o Real decreto e que pode haber traballadores de baixa que descoñecen a normativa que se lle aplica.

Intervén o Sr. Luís para dicir que non firmou porque entendeu que o procedemento non estaba pechado, que comparte o debate, pero non o fondo nin a forma.

Intervén o xerente para dicir que a vontade é de negociar ata o final.

**Punto 12.** Aprobación, se procede, da proposta de adaptacións do cuestionario da enquisa de avaliación docente do profesorado.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade, quen comeza dicindo que antes de presentar a proposta, en concreto a que ten que ver coa adaptación do cuestionario, quere comentar dous asuntos importantes directamente relacionados coas enquisas de avaliación docente que cre debe coñecer o Consello de Goberno. Un ten que ver co proceso de encuestación (traballo de campo) e outro co alcance da propia enquisa.

Expón que, ata agora, o traballo de pasar as enquisas viña sendo realizado por alumnado ao que se lle compensaba mediante bolsas cuxa contía viña determinada polo número de enquisas realizadas. Sinala, que é de sobra coñecido os requisitos legais polos que, desde hai uns meses, calquera bolseiro/a da universidade debe de ser dado de alta na Seguridade Social, co custo económico consecuente, tanto para a universidade como para o bolseiro/a, aparte de

que se debe xustificar que as tarefas a realizar para gozar dunha bolsa sempre teñen un carácter formativo.

Di que a nova situación fai imposible continuar co modelo seguido ata agora para a realización desta tarefa, é dicir, é imposible seguir recorrendo a un sistema baseado en bolsas, moito menos nunhas bolsas cuxa contía se concreta por tarefa realizada. Por iso, a partir deste curso, vaise a mudar a un sistema de encuestadores externos.

O vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade continua dicindo que, aparte da situación descrita que impide a utilización de bolseiros xa estíbese a traballar na reforma do proceso para gañar en rigor e eficiencia, e aumentar o nivel de confianza no sistema. Que o  $\Theta$  modelo máis profesionalizado que se vai usar, ao evitar calquera vinculación directa dos encuestadores cos enquisados, debe gañar no nivel de confianza dos afectados e, ao non depender da dispoñibilidade de persoas que teñen os estudos como dedicación principal permitirá realizar un maior número de enquisas tamén sinala o vicerreitor que se espera que o nivel de incidencias se reduza e que as previsións coas que estase a traballar son que toda a campaña de encuestación poida realizarse nun período de tempo moito menor do habitual.

O vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade informa que se está pechando todo o procedemento, do cal informará directamente aos centros a partir da semana que vén para iniciar inmediatamente a planificación da realización das enquisas.

Tamén informa sobre a extensión destas enquisas á docencia en titulacións de máster, xa que logo, se vai a avaliar a actividade docente do profesorado en todas as titulacións de grao, máster e nas titulacións a extinguir. A extensión da avaliación á docencia de máster é algo que estaba pendente e que vaise a abordar a partir deste curso. Ademais, engado o vicerreitor, que achegámonos ao ideal de que sexa valorada polo estudantado toda a actividade docente desenvolvida polo profesorado, segundo se desprende do artigo 97 dos nosos estatutos, e, particularmente, considera que damos un paso máis na normalización docente destas titulacións de 2º ciclo.

E entrando xa no punto da orde do día, o vicerreitor informa que da proposta que se incluíu como documentación para os membros do Consello, foi presentado un borrador á mesa de PDI e á COAP e recolle, en certa medida, achegas de ambos órganos. Informa que as modificacións propostas tanto nun ou outro órgano foron moi concretas e non afectaban en profundidade ao borrador inicial, aínda que considera que si o melloraron. Insiste en que a proposta afecta estritamente ao cuestionario, non a outros aspectos da EAD.

Di que é evidente que o cuestionario utilizado ata agora, aparte de necesitar algunha mellora da que cada membro do PDI, seguro, que terá opinión, quedara obsoleto; necesitaba unha actualización para adaptalo ás metodoloxías do ECTS e do EEES e aos procesos globais de avaliación e calidade docente, dos cales a avaliación do profesorado é parte primordial. Así, os resultados da EAD ten consecuencias no VAD (que supón a avaliación anual do profesorado).

Di que o programa Docencia, do que se está preparando unha nova convocatoria, contempla a avaliación quinquenal da actividade docente, aliméntase, en parte, tanto do VAD como das EAD.

Expón, que os cambios propostos tamén apuntan cara a unha harmonización destas co resto de enquisas, en concreto coas de satisfacción de cada titulación, vinculadas aos SGIC de cada centro. Sinala, que no documento posto a disposición dos membros do Consello de Goberno se inclúe a proposta de cambios en comparación co cuestionario actual. Así, na columna da esquerda aparecen os ítems actuais, na central os ítems propostos, os cambios e as supresións, etc. e á dereita vaise indicando a dimensión da actividade docente que se pretende valorar con cada ítem.

Os ítems referidos á dimensión “materia”, que non inflúen na valoración persoal de cada profesor ou profesora, senón que valoran a materia, é unha parte que se deberá manter mentres haxa docencia nas titulacións a extinguir, xa que nas titulacións de grao e máster a enquisa de satisfacción xa achega suficientes datos sobre cada materia e serve para contextualizar nese ámbito a actividade docente.

Nesa dimensión hai algún cambio na proposta que a achega aos ítems da enquisa de satisfacción. A continuación o vicerreitor pasa a expoñer os cambios máis salientables nos diferentes ítems do cuestionario.

O ítem 3, referido ao cumprimento das obrigacións docentes do profesorado en canto a súa asistencia e puntualidade ás actividades docente, desaparece. Enténdese que xa os SGIC obrigan aos centros a ter sistemas de control do cumprimento das obrigacións docentes do profesorado das súas titulacións adscritas. Polo que este debe avaliarse de xeito máis obxectivo doutra forma e noutro sitio. Non parece que fora cuestión opinable.

O ítem 4, referido a como se prepara e organiza as actividades e tarefas vinculadas á docencia-aprendizaxe, engadiuse a actividade autónoma do alumnado en consecuencia coa filosofía derivada do ECTS.

O ítem 5 dividiuse en dous. Isto mellora tecnicamente o cuestionario ao evitar unha pregunta múltiple cunha resposta única.

Do ítem 6 modificouse a súa redacción, de forma que non se refira unicamente ás clases, senón a todas as actividades de docencia-aprendizaxe cuxo desenvolvemento é responsabilidade do docente.

Os ítem 7 e 8 despregáronse. En gran parte buscando a analogía co que para os cuestionarios se recolle no programa FIDES-AUDIT, polo cal están acreditados xa a totalidade dos SGIC dos nosos centros e que marca o ámbito xeral no que debemos movernos nestas cuestións.

Finalmente, no ítem 9, que pecha o cuestionario, propónse unha nova redacción que vai máis no sentido de indagar o nivel de satisfacción do alumnado co labor do profesor ou profesora. Foi recollido directamente do programa FIDES-AUDIT.

Remata o vicerreitor a súa intervención solicitando a aprobación da proposta.

Ábrese unha quenda de preguntas.

Intervén o Prof. Juan Pou para solicitar que aos estudantes matriculados nas licenciaturas en extinción se aplique o antigo sistema de avaliacións.

Responde o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade que complicaría considerablemente a organización do proceso o uso de dous cuestionarios distintos.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para preguntar se manteñen ás preguntas sobre a satisfacción das materias.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para dicir que o cambio no sistema de enquisas se debeu levar á mesa de negociación de PDI.

O reitor di que se trata dunha adaptación do cuestionario e non afecta ás consecuencias.

Apróbase por asentimento a proposta de adaptacións do cuestionario da enquisa de avaliación docente do profesorado (**Anexo VIII**).

**Punto 13.** Aprobación, se procede, do modelo de convenio de cooperación educativa entre as universidades do Sistema Universitario de Galicia para organizar e desenvolver as ensinanzas oficiais dos programas de doutoramento segundo o Real Decreto 99/2011.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen solicita que se aprobe o modelo de convenio de cooperación educativa entre as universidades do Sistema Universitario de Galicia para organizar e desenvolver as ensinanzas oficiais dos programas de doutoramento conxuntos. A vicerreitora sinala que foi informado pola Asesoría Xurídica e o Servizo de Control Interno e que, non habendo ningún impedimento legal, se somete a aprobación dos membros do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o modelo de convenio de cooperación educativa entre as universidades do Sistema Universitario de Galicia para organizar e desenvolver as ensinanzas oficiais dos programas de doutoramento, segundo ou Real decreto 99/2011, recollido no **Anexo IX**.

**Punto 14.** Aprobación, se procede, do modelo de convenio de cooperación educativa para realizar prácticas académicas externas no estranxeiro.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Transferencia e Coñecemento, quen di que no Consello de Goberno de data 23 de abril de 2012, aprobouse un modelo de convenio de cooperación educativa para realizar prácticas académicas externas, tanto curriculares como extracurriculares. Que a tramitación, xestión e execución de prácticas externas no estranxeiro precisan dunhas adaptacións no clausulado do citado convenio para reflectir no mesmo as peculiaridades específicas das prácticas nun contexto internacional, sen modificar sustancialmente o fondo do modelo de convenio aprobado en Consello de Goberno o día 23 de abril de 2012; nomeadamente, para engadir os requisitos establecidos no convenio orixinal os establecidos polos programas internacionais nos que se enmarquen as prácticas e pola lexislación do país de destino; para explicitar de xeito máis conciso as coberturas dos seguros e as obrigas da Universidade, da empresa e do propio estudante en materia de seguros (nova cláusula oitava); e para incluír unha cláusula de exención de responsabilidade entre os asinantes na cláusula decimoterceira.



Apróbase por asentimento o modelo de convenio de cooperación educativa para realizar prácticas académicas externas no estranxeiro recollido no **Anexo X**.

**Punto 15.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: — Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Fundação Universidade de Caxias do Sul (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Fundação Universidade de Caxias do Sul (Brasil), para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Université de Sfax (Túnez) – Convenio específico colaboración entre a Universidade de Vigo e a Université de Sfax (Túnez), para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universiti Putra Malaysia – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Pontificia Universidade Católica do Paraná – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Pontificia Universidade Católica do Paraná para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a City University of Hong Kong – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a City University of Hong Kong, para o intercambio de estudantes – Memorandum de entendemento entre o Instituto Español de Oceanografía, o Centre de Recherche Scientifique de Conakry Rogbane (Guinea) – Convenio de colaboración entre as universidades Autónoma de Madrid (coordinadora), Barcelona, Cantabria, Extremadura, Illes Balears, Jaume I de Castellón, Murcia, Oviedo, País Vasco/Euskal Herriko Unibersitatea, Salamanca, Santiago de Compostela, València, Valladolid e Vigo para a organización e desenvolvemento do Máster Universitario en Química Teórica e Modelización Computacional – Convenio de colaboración das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e Ferme Marine de L'Adour sas, para a realización de prácticas de alumnos do programa oficial de posgrao interuniversitario en Acuicultura – Convenio de colaboración científica entre a Universidade de Vigo e a Univesité Burdeaux Segalen (Francia).

Apróbanse por asentimento.

**Punto 16.** Elección para cubrir as seguintes vacantes:

- Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado: 1 estudante
- Comisión de investigación: 2 estudante e 1 PDI
- Comisión de organización académica e profesorado: 2 estudantes
- Comisión de planificación e asuntos económicos: 2 estudantes e 1 PDI
- Comisión de extensión universitaria e estudantes: 2 estudante
- Consello Social: 1 estudante

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen comeza dicindo que en relación con cada procedemento electoral se presentaron as seguintes candidaturas:

- **Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado:** 1 estudante.

Non se presentou ningunha candidatura polo que queda 1 vacante polo sector estudantes.

- **Comisión de investigación:** 2 estudante e 1 PDI.

Por parte do sector de estudantes presentáronse as seguintes candidaturas:

- D. Jorge de los Bueis Mellado
- D. Manuel Vilariño Sánchez

A secretaria xeral di que a candidatura de D. Manuel Vilariño Sánchez non pode ser aceptada, por canto non é membro de Consello de Goberno, en consecuencia debe rexeitarse a súa candidatura, xa que non cumpre os requisitos para formar parte das comisións delegadas de Consello de Goberno.

A secretaria xeral manifesta que non é preciso celebrar eleccións neste sector, polo que pasará a formar parte da Comisión de Investigación polo sector de estudantes:

- D. Jorge de los Bueis Mellado, quedando 1 vacante neste sector.

Por parte do sector PDI presentouse a seguinte candidatura:

- D. Emilio Fernández Suárez

A secretaria xeral di que non é preciso celebrar eleccións neste sector, polo que pasará a formar parte da Comisión de Investigación polo sector de PDI:

- D. Emilio Fernández Suárez

**- Comisión de organización académica e profesorado:** 2 estudantes.

Non se presentaron candidaturas, polo que quedan 2 vacantes do sector de estudantes.

**- Comisión de planificación e asuntos económicos:** 2 estudantes e 1 PDI.

Por parte do sector de estudantes presentáronse as seguintes candidaturas:

- D. Estevo Sánchez Gálvez
- D. Brais Comesaña González
- D. Lorenzo Mandayo Fernández
- D. David Usera Grossi

A secretaria xeral di que hai que rexeitar as candidaturas de D. Lorenzo Mandayo Fernández e D. David Usera Grossi. A razón é que non son membros do Consello de Goberno, polo que non cumpren os requisitos para formar parte das comisións delegadas de Consello de Goberno.

En consecuencia, non é preciso celebrar eleccións, polo que pasará a formar parte da Comisión de Planificación e Asuntos Económicos:

- D. Estevo Sánchez Gálvez
- D. Brais Comesaña González

Por parte do sector de PDI presentouse a seguinte candidatura:

- Dna. Rosa Pérez Rodríguez

Non é preciso celebrar eleccións, polo que pasará a formar parte da Comisión de Planificación e Asuntos Económicos:

- Dna. Rosa Pérez Rodríguez

- **Comisión de extensión universitaria e estudantes:** 2 estudantes.

Por parte do sector estudantes presentáronse as seguintes candidaturas:

- D. Antonio Vázquez García

Non procede realizar eleccións, polo que pasará a formar parte da Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes:

- D. Antonio Vázquez García, quedando 1 vacante polo sector estudantes.

- **Consello Social:** 1 estudante.

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- D. Estevo Sánchez Gálvez

Non procede realizar eleccións, polo que D. Estevo Sánchez Gálvez pasa a ser representante dos estudantes no Consello Social.

### **Punto 17. Rogos e preguntas.**

Intervén o Sr. Antonio Vázquez, en representación do alumnado, para pedir que conste en acta a carta de Luís González Varela e outros alumnos, na que solicita aclaracións sobre a normativa do traballo de fin de grao (**Anexo XI**).

Responde o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade, quen lle sinala que a mesma carta chegou á súa vicerreitoría e a Secretaría Xeral e que será obxecto de resposta por escrito.

Intervén a estudante dona Rocío Barreiro para manifestar a súa queixa polo recargo do 20% no caso de atraso no pago dunha cota de matrícula.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación informando que se modificaron os criterios de xestión académica no pago de matrículas, permitindo que se abonara o importe en seis prazos. A medida foi adoptada para permitir a flexibilización do pago nun contexto de crise. O inconveniente é que contempla unha penalización do 20% en caso de falta de pagamento ou morosidade, que a finalidade da penalización non é recadatoria, senón evitar o traballo que leva o seguimento da morosidade e o descontrol nos ingresos. Sinala, que podería valorarse revisar a penalización do 20% e ata a data de penalización, pero que a revisión só podería ter lugar no seguinte exercicio económico.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para rogar que as pequenas empresas de Ourense poidan acceder aos concursos públicos convocados pola Universidade de Vigo. Tamén, únese

ás queixas realizadas pola alumna dona Rocío Barreiro en orde ao cobro do 20% por morosidade.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación para dicir que entende a perda de oportunidades de acceder a concursos públicos que pode supor para algúns negocios, pero este ano co novo sistema de concursos públicos aforran dun 30% a 35% en material de oficina; que no actual contexto económico o primordial é reducir o gasto corrente na universidade.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro, para rogar que se axilicen os procesos de anulación de matrículas para non deixar prazas vacantes na universidade.

Responde o xerente que os procesos de anulación de matrícula están sometidos a prazos.

Intervén o señor Federico Fernández para mostrar o seu desacordo cos descontos polas pagas extras ás persoas contratada sen proxectos de investigación; expón as súas dúbidas sobre se o Real decreto-lei 20/2012 é de aplicación obrigatoria para estes investigadores e solicita que se revise a aplicación e destino dos fondos retidos ou descontados do proxecto.

Responde o reitor que a redacción da norma comprende a todo o persoal ao servizo da administración, calquera que sexa a forma de financiamento, que non hai escapatoria na súa aplicación e que a mesma solución tivo que ser adoptada en todas as universidades. Respecto ao destino dos fondos retidos, o que non parece factible é destinalo á subida dos salarios. Estase estudando como se debe proceder e se é preciso a devolución en todos os casos.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para preguntar polo VAD.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:45 horas do día 19 de outubro de 2012 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral



M<sup>a</sup>. Inmaculada Valeije Álvarez